

PEZA DO MES

decembro

2014



STYLUS
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE
SANTOMÉ



TERENCIO NEO E A SÚA MULLER. POMPEIA (MUSEO ARCHEOLOGICO NAZIONALE DI NAPOLI)

A escritura no mundo romano

Unha das características máis sobresaíntes da civilización romana é o uso da escritura, en diferentes soportes e con diferentes instrumentos. Na súa expansión, os romanos, integraron outras culturas con linguas e alfabetos diferentes, pero paulatinamente foise impoñendo en todos os territorios o alfabeto latino e a lingua latina, e con eles a utilización da escritura como vehículo de comunicación.

Para escribir, ademais de saber, son necesarios dous elementos básicos: un instrumento co que trazar as letras e un soporte sobre o que escribir. A pesar de que non sempre hai unha relación directa entre ambos, pois cun instrumento pódese escribir en diferentes soportes, e viceversa, basicamente na antigüidade grecorromana coexisten dous tipos de instrumentos que se asocian a dous soportes diferentes: o calamus, para escribir sobre papiro formando rolos –*scribae librarii*– e o *stylus* sobre taboíñas enceradas –*scribae ceratii*–. Un paso na evolución da escritura, terá lugar, nun momento avanzado do imperio, pola aparición do pergameo, un material máis flexible que o papiro, co que se forman os códices, máis fáciles de manexar, conciliando desta forma a tradición helenística dos rolos de papiro, coa romana dos códices coas taboíñas enceradas.

Cofecemos os instrumentos de escritura empregados no mundo romano, tanto polos textos dos autores clásicos, que en ocasións ademais de mencionalos, fan referencia

á súa produción e uso, como polas representacións iconográficas en diferentes soportes, sobre todo pintura e escultura; pero serán sobre todo os propios achados das escavacións sistemáticas, os que permitan afondar no seu estudo.

Porén, a investigación sobre estes útiles, sobre todo na Península Ibérica, pasou practicamente desapercibida, debido basicamente a unha falla na súa identificación, unido moitas veces a unha ausencia total de contexto estratigráfico. A publicación dos estiletos de Emerita Augusta e as recentes exposicións celebradas no Museo de Arte Romano de Mérida, *Ars scribendi. A cultura escrita na antiga Mérida*, e na Casa do Lector en Madrid sobre e a Vila dos Papiros de Herculano, contribuirán sen dúbida a incentivar o seu estudo.

Neste contexto, cómpre sinalar a aparición, na galería con pórtico dunha casa, no conxunto arqueolóxico - natural de Santomé, nun ambiente tardorromano, dun *stylus* de bronce. Estas pezas, os *styli*, de posiblemente orixe mesopotámica, foron usados polos gregos e etruscos, aínda que serán os romanos os que estendan o seu uso por todo o imperio. Morfoloxicamente constan de tres partes ben diferenciadas: un corpo xeralmente cilíndrico, a miúdo cun engrosamento para facilitar a presión xusto por encima da punta afiada que serve para escribir, e no outro extremo, unha espátula de diferentes formas, destinada a pequenas correccións para borrar sobre a cera que se escribe. O exemplar de Santomé responde a esta forma, cun corpo de sección circular, rematado en espátula rectangular cos lados maiores cóncavos, decorado con motivos de triángulos con facetas en todo o seu perímetro, alternando con bandas transversais de tripla moldura. Nalgunhas ocasións, como parece no exemplar que presentamos, a punta de ferro encaixábase no corpo como un elemento independente, que neste caso falta.

Todo parece indicar que os primeiros estiletos eran de óso ou de madeira, sendo os de bronce e ferro os máis coñecidos. Os de material óseo presentan sempre forma cónica, con cabeza globular, oval ou en forma de oliva, que viña facer as funcións da espátula. Os de ferro son máis bastos e vulgares que os de bronce, que a miúdo presentan decoración de motivos rectilíneos, chegando en ocasións a levar fíos doutros metais incrustados. A partir do século III d. C., xeneralízanse os de bronce, ao tempo que se acurtan. Algúns exemplares presentan inscricións, sobre todo os de óso, nos que aparece o nome do dono, como é o caso dun de Segóbriga onde se pode ler *Higinus*, nome grego ben documentado nas inscricións de Hispania, mentres que outros fan referencia a promesas ou aforismos.

No tocante á súa fabricación pouco se pode dicir, máis alá de que hai unha serie de prototipos que se estenden por amplas áreas do imperio, o que pode levar a pensar nun centro de fabricación para a súa distribución. Sen esquecer



SECTOR II. CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ. OURENSE

as consabidas producións locais que veñen imitando os produtos de importación.

As taboíñas de cera, *tabulae ceratae*, como soporte da escritura, son o complemento necesario e imprescindible para escribir co *stylus*. Desempeñaban un papel decisivo na comunicación escrita no mundo romano. Os exemplares máis antigos atópanse na idade do bronce, na costa de Asia Menor. O seu uso mantense ata polo menos a baixa idade media, como se desprende dalgún comentario de San Isidoro de Sevilla, e do borrador da Vida de San Bonifacio, fundador do mosteiro de Fulda, escrita por San Willibaldo.

As taboíñas de madeira, de forma xeralmente rectangular, están lixeiramente rebaxadas en cada unha das caras, aínda que nalgúns casos só nunha, formando unha superficie enmarcada nos seus extremos, para poder recibir unha fina capa de cera de abella, sobre a que por medio do *stylus* se ían trazando as letras. A cera, de cor negra, ou ás veces dunha especie de laca vermella, resultado da mestura de pez con algunha outra tintura, debía resultar suficientemente consistente como para usar utensilios resistentes para escribir. As letras líanse mediante o contraste entre o fondo de madeira de cor branca e a superficie de cera de cor escura. A miúdo sabemos do seu contido, aínda que perderan a cera, pois moitas veces a capa era tan fina que o *stylus* deixaba gravado na madeira parte do texto.

Son xeralmente de forma rectangular, fabricadas en madeira de piñeiro, abeto, amieiro, freixo e, excepcionalmente, buxo. Tamén se fabricaron noutros materiais como marfil, *tabellae eburneae*, ou en óso, como a documentada nunha tumba romana de Alcalá de Guadaíra, hoxe no Museo Arqueolóxico de Sevilla, realizada nun óso longo dun bóvido, formando un *codex pugillar*.

Estas taboíñas uníanse formando «códices», derivado do latín, cuxo significado orixinal é «anaco de madeira». Segundo o número de taboíñas que se agrupaban recibían diferentes nomes, díptico, tríptico ou políptico se tiñan máis de tres. Para facilitar a súa subxección levaban uns burraquiños polos que pasaba un lazo que os unía permitindo voltealos como un libro. Frecuentemente, as taboíñas levan unha protuberancia no centro a modo de botón, cuxa funcionalidade era a de impedir que se tocaran as caras escritas ao cerralas.

Tamén existían pranchas de madeira que non recibían cera, pero eran pulidas e embranquecidas, sobre as que se escribía con tinta por medio do *calamus*; eran as *tabulae deabatae*, usadas maioritariamente para anuncios oficiais.

Fronte á escritura con *calamus* e tinta en rolos, as *tabulae ceratae* permitían corrixir facilmente o texto e o seu reemprego. Eran máis sinxelas de transportar e de ler, pois o rolo tiña que ser suxeitado coas dúas mans. Utilizábanse preferentemente para textos curtos de temática variable: contratos comerciais, recibos de banqueiros, recados persoais ou mensaxes; e naturalmente, na escola para os meniños en idade escolar, onde as taboíñas enceradas viñan a ser o mesmo que a lousa e cadernos que se usaron tempo despois.

O maior descubrimento de taboíñas tivo lugar en Pompeia no ano 1875, na coñecida como Casa de Cecelio Jocundo, na que se documentaron 153 documentos nunha caixa de madeira gardada no piso superior da vivenda. Todos, a excepción dun, datados entre o 27 d. C. e o 62 d. C., pouco antes do terremoto sufrido na cidade vesubiana. Da lectura destes textos dedúcese que o seu propietario, Cecilio Jocundo, exercía unha intensa actividade comercial como recadador de impostos e rendas na cidade de Pompeia, así como paxador e prestamista de poxas.

Os utensilios para escribir sobre as *tabulae ceratae* complétanse coas espátulas, láminas de ferro de forma triangular que rematan nunha especie de espigo ou mango. Servían para restaurar a cera deteriorada polo uso, retirando a usada e alisando a nova capa de cera vertida. Algunha destas espátulas deberon realizar a función de formón para tallar as taboíñas na madeira en bruto.

A peza que mostramos, xunto cunha caixa de selo procedente do mesmo xacemento, pon de manifesto o nivel cultural dos habitantes do Santomé galaicorromano e a existencia dunha correspondencia epistolar, un novo aspecto da vida cotiá sobre o que nos ilustra este importante xacemento arqueolóxico.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA
DE GALICIA